

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 14 DE OUTUBRO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario Xeral</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro</p>
--	---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día catorce de outubro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 1 de setembro de 2016.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 11/10/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2016 - 000035
Importe total	846.149,94 €
Número de facturas	94
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33230817A
Importe	88,22 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q6550023C
Importe	3.175,83 €


### B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	07/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Secretaría Xeral – Arquivo Municipal Juan Manuel Salguero del Valle – José A. Otero Sobrido		
DESCRIPCIÓN DO GASTO	Servizo de dixitalización de libros de actas do Pleno relativo ao periodo 1917-1960		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- REPROULET, S.L. - ARCHIPLUS - INVBIT DISEÑO Y DESARROLLO WEB, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	REPROULET, S.L.		
NIF/CIF:	B70231972		
Importe (IVE incluído):	4.626,74 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	04/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Benestar Comunitario Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRIPCIÓN DO GASTO	Subministración de 50 tapas nicho de formigón 70x77 e outros materiais para mantemento dos cemiterios municipais de Riveira e Palmeira		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - FERRETERÍA DEL RÍO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE incluído):	1.693,46 €		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	3	Data	11/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reposición de plástico e incluso colocación no viveiro, para a especialidade de xardinería do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- AGROGAL, S.L. - INVERNADEROS DEL SALNÉS, S.L.
Informe:	Directora Obradoiro de Emprego Tahume III-Sandra Pérez González (11/10/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AGROGAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15115454		
Importe (IVE Incluído):	1.259,61 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	10/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 1800 litros de gasóleo para calefacción do Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- LOS ÁNGELES GAS, S.L. - CEPESA COMERCIAL NOROESTE, S.L. - GASÓLEOS SAN ALBERTO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LOS ÁNGELES GAS, S.L.		
NIF/CIF:	B15578289		
Importe (IVE Incluído):	1.080,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	11/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais diversos para pintados nos cemiterios municipais de Riveira e Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654		
Importe (IVE Incluído):	943,93 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	11/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 200 tellas e outros materiais para reparación de tellado na entrada ao cemiterio municipal de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>	
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
NIF/CIF:	B15972649
Importe (IVE Incluído):	112,87 €
Observacións:	

Nº Proposta	7	Data	11/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 4 Tm area 0/4 mm e 15 Tm gravilla 4/11 para mantemento de camiños no cemiterio municipal de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE Incluído):	238,67 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	30/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 100 litros de esencia de eucalipto e 100 litros de esencia de menta para o Spa do Complexo Deportivo da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AQUANOR, S.L.
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	AQUANOR, S.L.		
NIF/CIF:	B36769305		
Importe (IVE Incluído):	1.069,79 €		
Observacións:			

### MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

#### Modificación de Crédito. Transferencia de Crédito 5/2016:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 11/10/2016 na que propón a aprobación da **Transferencia de Crédito 5/2016**, co motivo da subsanación dun erro na partida 323 619.01 para "Impermeabilización da cuberta e vestiarios do pavillón deportivo do Colexio de Aguiño", cando en realidade debería existir a partida 342 619.01 para "Impermeabilización da cuberta e vestiarios do Campo de Fútbol da Tasca en Aguiño", e de acordo co seguinte detalle:





Partidas que ceden crédito	Importe	Partidas que incrementan crédito	Importe
323 619.01	12.832,43 €	342 619.01	12.832,43 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 11/10/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Transferencia de Crédito 5/2016**, proposta pola Alcaldía.

### III.- CONTRATACIÓN.

#### 1.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do "SERVIZO DE CATERING PARA A CELEBRACIÓN DO ENCONTRO DO MAIOR 2016".

Visto o expediente que se tramita para contratar o "Servizo de catering para a celebración do "Encontro do maior 2016"", cun orzamento total por contrata de 46.000,00 euros (valor estimado do contrato: 41.818,18 euros; IVE 10%: 4.182,82 euros).

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares, e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231A.226.99, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/09/2016.


Por tratarse dun contrato de servizos cuxo valor estimado é inferior a 60.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De acordo co recollido no derradeiro parágrafo da cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, neste expediente optouse por anunciar esta licitación no diario "La Voz de Galicia".

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 03/10/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación unicamente presentou a oferta a seguinte empresa:

"José Fajardo, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/09/2016 co número 12.679.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data





03/10/2016, na que se acordou declarar admitida a esta licitación á única empresa presentada (José Fajardo, S.L.), por considerar que a documentación aportada é correcta.

A apertura do sobre "B" do único licitador presentado e admitido a esta contratación, comprensivo da súa oferta económica (1ª oferta) celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 05/10/2016, que dou o seguinte resultado:

Licitador	Oferta económica
	Valor estimado (sen IVE)
José Fajardo, S.L.	41.818,18 euros

Na súa mesma reunión da data 05/10/2016 a Mesa de Contratación acordou abrir a fase de negociación e invitar ao licitador admitido a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira nun prazo de tres días hábiles desde a recepción da nova invitación.

Dentro do prazo concedido a empresa requirida presentou a súa segunda oferta económica, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello na data 11/10/2016 co número 13.152.

A apertura da segunda oferta económica (fase de negociación) realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 13/10/2016, que dou o seguinte resultado:

Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
	Valor estimado (sen IVE)
José Fajardo, S.L.	41.817,00 euros

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 13/10/2016.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE**





**ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do Servizo de catering para a celebración do “Encontro do maior 2016”, do seguinte xeito:**

Orde	Licitador	Prezo total ofertado (IVE. 10% incluído)
1º	José Fajardo, S.L.	45.998,70 euros

**SEGUNDO.**- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A “JOSÉ FAJARDO, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

**De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

**2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “SUBSTITUCIÓN DE PANEIS TRASLÚCIDOS DE POLIESTER NA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DA FIEITEIRA”.**

Os paneis traslúcidos existentes na cuberta do polideportivo da Fieiteira, sobre a pista deportiva, están moi deteriorados e filtran auga, polo que é preciso substituílos para poder utilizar a pista con normalidade en épocas de choivas.

Segundo o orzamento redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 04/05/2016, a execución dos traballos ascende a un importe total de 37.769,56 euros (valor estimado do contrato: 31.214,51 euros; IVE 21%: 6.555,05 euros).

A tal efecto solicitáronse e presentáronse as seguintes ofertas:





Licitador	Orzamento	Data	Prezo total (IVE)
Digar de Artes, S.L.	446	03/10/2016	35.373,76 euros
Serdeco Contratas, S.L.	---	02/09/2016	35.881,09 euros

Para realizar as obras existe consignación orzamentaria, segundo o documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 05/10/2016 (número de operación 2016 22015103), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342 61900.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*


Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación a favor de "Digar de Artes, S.L.", na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 03/10/2016, e conformada pola alcaldesa en funcións Fabiola García Martínez.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.







**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**Primeiro.-** Aproba-lo expediente de contratación, como contrato menor, para realiza-las obras de **“Substitución de paneis traslúcidos de poliester na cuberta do polideportivo da Fieiteira”**, segundo o orzamento redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 04/05/2016.

**Segundo.-** Aproba-lo gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 61900.

**Terceiro.-** Adxudicar o contrato menor para realizar as obras de **“Substitución de paneis traslúcidos de poliester na cuberta do polideportivo da Fieiteira”** á empresa **“Digar de Artes, S.L.”** (NIF nº B15515695), no prezo total do contrato de 35.373,76 euros (Base: 29.234,51 euros; IVE 21%: 6.139,25 euros), segundo o seu orzamento nº 446, da data 03/10/2016.

**Cuarto.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.


### **3.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DO PORTO DE RIVEIRA”.**


O Concello de Riveira asinou con Portos de Galicia un convenio polo que se autoriza ao Concello a colocar o bombeo separativo das augas industriais de Xarás dentro do recinto portuario, asumindo o Concello as tarefas de mantemento do bombeo de augas residuais situado no porto. Este bombeo presenta graves deficiencias que xeran contínuos vertidos na dársena, polo que é preciso realizar reparacións no mesmo canto antes para solucionar a dita situación.

A tal efecto solicitáronse e presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Orzamento	Data	Prezo total (IVE)
Viaqua, S.A.U.	PR019-16-2	19/07/2016	13.100,44 euros
Excavaciones Nima, S.L.	78/16	18/07/2016	13.743,18 euros
Espina Obras Hidráulicas, S.A.	O-4085/15	14/07/2016	28.193,00 euros

Para realizar as obras existe consignación orzamentaria, segundo o documento contable “RC” expedido polo interventor accidental na data 05/10/2016 (número de operación 2016 22015105), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160 60902.





Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.


Vista a proposta de contratación a favor de "Viaqua", na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/07/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Visto o informe asinado na mesma data 26/07/2016 pola enxeñeira municipal, no que manifesta que se considera correcta a valoración ofertada, considerando que no dito orzamento se inclúen tódolos medios auxiliares necesarios para a correcta execución dos traballos.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións*





*Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**Primeiro.-** Aproba-lo expediente de contratación, como contrato menor, para realiza-las obras de **“Reparación da estación de bombeo de augas residuais do Porto de Riveira”**.

**Segundo.-** Aproba-lo gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 60902.

**Terceiro.-** Adxudicar o contrato menor para realizar as obras de **“Reparación da estación de bombeo de augas residuais do Porto de Riveira”** á empresa **“VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.”**, no prezo total do contrato de 13.100,44 euros (Base: 10.826,81 euros; IVE 21%: 2.273,63 euros), segundo o seu orzamento PR019-16-2, da data 19/07/2016.

**Cuarto.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.


**4.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS NO LUGAR DE BRETAL (OLVEIRA)”**.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de **“Instalación rede de saneamento e reposición de pavimentos no lugar de Bretal (Olveira)”**, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 151.310,34 euros (valor estimado do contrato: 125.049,87 euros; IVE 21%: 26.260,47 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

Constan no expediente os seguintes documentos:


- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2015.
- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo de núcleo rural”, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística e que precisa autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP





asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que manifesta que a obra discorre en terreos clasificados segundo o PXOM como “solo de núcleo rural” e afectarán á beirarrúa da estrada AC-303, polo que é preciso autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; que non é necesario realiza-la supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/12/2015.
- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se resolveu participar no POS, aprobar os proxectos correspondentes, e demais pronunciamentos que no mesmo constan.
- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para realizar as obras, segundo Resolución do Xefe do Servizo de Infraestruturas de A Coruña, da data 09/09/2016 (expediente nº IF205A 2016/000076-1), que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello na data 19/09/2016, co número 11.964.
- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/09/2016, no que manifesta que o proxecto axústase ás condicións establecidas no informe da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 11/10/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Documento contable “RC” expedido polo interventor accidental na data 11/10/2016 (número de operación 2016 22015828), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61902.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data





07/01/2016 (Emenda de erros aprobada en sesión plenaria da data 30/03/2016, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 63, da data 05/04/2016).

- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 13/10/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 13/10/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.


De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Non obstante, segundo a normativa do Plan así como a cláusula 10 do Prego-tipo, esta posibilidade de consulta só se poderá utilizar de forma excepcional e motivada por razóns debidamente xustificadas, debendo optar a administración por publicar a licitación cun anuncio na prensa, no Perfil do Contratante ou no Boletín Oficial da Provincia.

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de "Instalación rede de saneamento e reposición de pavimentos no lugar de Bretal (Oliveira)",** segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 151.310,34 euros (valor estimado do contrato: 125.049,87 euros; IVE 21%: 26.260,47 euros) e





un prazo de execución de 4 meses.

**SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración.

**TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61902.**

**CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria.**

**QUINTO.-** Conforme a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello de Riveira.

#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

#### V.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por Ignacio Rodríguez Bello en representación de **Mauro 007, S.L.**, de data 05/02/2016 (Rexistro de entrada nº 1.157), no que solicita un posto no Mercado de Palmeira para a venda de bocadillos e comida para levar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Autorizar a **Mauro 007, S.L.** a establecerse no **Posto nº 3 do Mercado Municipal de Palmeira** coa actividade solicitada de venda de bocadillos e comida para levar.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa inclusión no correspondente padrón fiscal


#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - CIPRIANO SANTAMARÍA AYASO.**





FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 8581034MH9088S0001MP.

SITUACIÓN: Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: Cipriano Santamaría Ayaso.

AUTOR/A PROXECTO: Manuel Peleteiro Bandín.

PROXECTO: Proxecto Básico de maio de 2016 / Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 27.350,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Cipriano Santamaría Ayaso, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 3.6.16 e 22.8.16, 23.8.16, (Rexistro de entrada nº 6.790, 10.709 e 10.766), licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP achegándose Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

2.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 6 de setembro de 2016 no que analiza en *sentido desfavorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal o cal se transcribe:

“  
(...)”


**ASUNTO:** SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA OBRAS DE AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, SITA NA RÚA XUNQUEIRA, AGUIÑO.


**SOLICITANTE:** CIPRIANO SANTAMRÍA AYASO  
**ENTRADA Nº:** 6790  
**ORZAMENTO:** 27.350,00 €  
**SUP. CONST.:** 126,45 M2

#### INFORME:

Vista a solicitude de licenza de obras municipal presentada e o proxecto básico redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) vixentes, cómpre informar o seguinte:

1.- Preténdese ampliar unha vivenda unifamiliar de planta baixa sita na rúa Xunqueiriña, de Aguiño. A finca ten asignada a seguinte referencia catastral: 8581034MH9088S0001MP e ten unha superficie de 228 m2.





2.- A parcela onde se pretenden executalas obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo urbano consolidado séndolle de aplicación a ordenanza 6.2 (Residencial extensiva colectiva en hilera).

3.- Realízase un requirimento á propiedade a fin de xustifique unha serie de cuestións de carácter técnico a corrixir e aclarar sobre a documentación técnica aportada e redactada polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín. Con data de 23.08.2016 presentase documentación técnica. A partir da mesma e analizado a totalidade do contido documental do expediente emitimos a seguinte conclusión :

a.- En relación as condicións de habitabilidade, debemos de manifestar o seguinte:

.- Axúntase a configuración e as condicións do Lavadoiro tendal ao disposto polo Decreto de habitabilidade.

.- Acóntase debidamente as alturas libres, a fin de dar cumprimento ao disposto pola normativa de habitabilidade..

.-O espazo de entrada á vivenda.

Incumpre o ancho mínimo establecido (1,50 metros).En todo caso habería que tramitar a excepcionalidade do seu cumprimento, tal e como establece ao respecto o artigo 16 do Decreto de Habitabilidade, e debidamente xustificando no presente caso (razóns estruturais)

.- Aclarase e corríxese a vinculación da estancia maior coa cociña, denominándose agora como unha única estancia (salón-cociña-comedor)

Isto no referente á documentación aportada e as correccións aportadas. Xa no referente ás condicións urbanísticas da parcela detéctase que a edificación non conta con vial urbanizado de acceso, e o camiño que fai de acceso (camiño de terra e denominado no plano de emprazamento como camiño veciñal) non figura recoñecido como vial na planimetría oficial, carecendo de aliñacións e todo tipo de servizos urbanísticos, polo que a edificación existente e obxecto de ampliación ha de considerarse en situación de fora de ordenación.

4.- Na presente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e concretamente no artigo 90, establece que para a presente situación legal de fora de ordenación tan só se poderán realizar obras de conservación e as necesarias para mantemento do uso preexistente, a saber:

#### Artigo 90. Edificios fóra de ordenación


1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

5.- En virtude do exposto, informamos de xeito **desfavorable** a presente solicitude aos efectos oportunos."

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación







Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

**Segundo.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**Terceiro.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactados por Manuel Peleteiro Bandín.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.


**Cuarto.-** O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.


Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.





**Quinto.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**Sexto.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico desfavorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 6 de setembro de 2016, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/10/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- DENEGAR** ao Sr. Cipriano Santamaría Ayaso a **LICENZA DE OBRAS** solicitada para levar a cabo a ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP en base as motivacións sinaladas no informe técnico do Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data 6 de setembro de 2016.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución aos interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

**1.-** Vistos os escritos presentados por **Alicia Pena Estévez**, de datas 04/10/2016 e 06/10/2016 (Rexistros de entrada nº 12.839 e 12.957), nos que solicita certificación urbanística relativa á finca con referencia catastral 15074A019004430000KY.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 07/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral 15074A019004430000KY

Se solicita informe sobre si a finca arriba mencionada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo Galicia (2/2016)

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico Común, co que se pode afirmar que cumpre o citado artigo da Lei do Solo Galicia.





2.- Visto o escrito presentado por **Vicente Lema Martínez**, de data 10/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.0777), no que solicita certificación urbanística relativa á finca con referencia catastral 15074A036001210000KG.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A036001210000KG

Solicítase informe sobre si a finca arriba mencionada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo Galicia (2/2016)

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico de Protección Arqueolóxica, co que se pode afirmar que cumpre o citado artigo da Lei do Solo Galicia.

#### **IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


#### **XII.- VAOS PERMANENTES.**

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Sampedro Regueira**, de data 07/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.033), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmobile sito en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, 114 (Aguíño).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 10/10/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Conceder** a **Francisco Javier Sampedro Regueira** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de





licenza, e pintado de liña amarela según indicacións do citado informe, na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, 114 (Aguiño).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

**1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local** do escrito presentado por Laura García Silva, en representación do **Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital**, de data 27/09/2016, no que comunica que fai entrega das carpetas do “VII Premio de Gravado Atlante” como donación polo apoio ao museo e participación neste premio (Carpeta 22/25).


### **2.- INICIO DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

**ACREDITADA** a necesidade de realizar a contratación do servizo de **redacción do expediente de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado o 17 de decembro de 2002 e a redacción do Plan Parcial que posibiliten a delimitación e ordenación dun Sector de Solo Urbanizable de Uso Industrial na marxe Norte de autoestrada AG-11 e ó Oeste da estrada CP-7310**

**VISTO** que dada a característica do servizo considérase como o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, posto que o contratos que celebren as administracións públicas poderán adxudicarse por procedemento negociado sen publicidade, nos casos enumerados no **artigo 170 e 174 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro**, coas limitacións establecidas no **artigo 177** do mesmo texto legal, que regula os supostos do procedemento negociado con publicidade.

No procedemento negociado a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polos órganos de contratación tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.

Asemade, de acordo co establecido no **artigo 112 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro**, poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público

**VISTO** que con data 10 de outubro emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía <sup>1</sup> porque o importe do contrato ascende a a **45.000 euros e 9.450 euros de IVE** euros IVE e por tanto, non supera nin o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello nin a contía de seis millóns de euros.

Examinada a documentación que a acompaña, e vista a proposta do alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/10/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos seus membros, **adopta o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos para **redacción do expediente de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado o 17 de decembro de 2002 e a redacción do Plan Parcial** que posibiliten a delimitación e ordenación dun **Sector de Solo Urbanizable de Uso Industrial na marxe Norte de autoestrada AG-11 e ó Oeste da estrada CP-7310** por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente.

**SEGUNDO.** Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.


**TERCEIRO.** Que polo Interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**CUARTO.** De ser favorable a fiscalización previa que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

**QUINTO.** Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para que resolva o que proceda.

---

<sup>1</sup> Segundo a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.





### 3.- SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2016-2017

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 11/10/2016, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

#### Destino Santiago de Compostela

		CPR Fesan Santiago, Ciclo Superior Educación Infantil
Teira Ventín, María	53795408H	
Hermida Álvarez, Roberto	53796108M	USC Grao en Enxeñaría
Santos Ruiz, Séfora	53489022S	USC Grao en Enfermaría
Gude Basoco, Paula	53489511K	USC, Grao en Relacións Laborais
Cores Piñeiro, Noelia	53797739A	USC, Grao en Relacións Laborais
		USC, Grao en Administración e Dirección de Empresas
Betanzos Sañas, Sara	35598825T	
Pego Díez, Alejandro	53798371Z	USC, Grao en Enxeñaría Informática
		IES Rosalía de Castro, Santiago, 1º de animación de actividades físicas e deportivas
Vidal García, Miguel	53796799Y	
Santos Suárez, Paula	53797610N	UDC Grao en Educación Primaria

#### Destino Santiago – Ferrol

del Río Iglesias, Alain 53488593T UDC, Grao en Enxeñaría Industrial

#### Destino Pontevedra

Sampedro Fraga, Aitor 53485596Q IES Luís Seoane, Pontevedra, 2º Comercio Internacional

#### Destino Vigo

Rodríguez Crujeiras, Francisco 53798313W UVIGO, Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais  
IES de Chapela, Redondela, 1º Documentación e administración sanitarias

Abeijón Martínez, Carmen 53799811M

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 14 de outubro de 2016

Dou fe, o secretario xeral

O Alcalde




Manuel Ruiz Rivas




Juan Manuel Salguero del Valle